



Prezada comunidade:

En ECOBAS temos por diante un segundo trimestre cheo de oportunidades, datas sinaladas e eventos relevantes. Ademais das **3 convocatorias** de **axudas** ás que xa pode concurrir o noso persoal investigador, vimos de lanzar **dúas chamadas** para a captación de **talento investigador**, tanto en Galicia coma no espazo europeo: poñemos en marcha un novo programa de bolsas de inicio á investigación e ECOBAS se sitúa como centro de investigación de destino para investigador postdoutoral que queira no apartado de transferencia chega o vindeiro **22 de abril** o evento de presentación do proxecto trasfronteirizo **BIOTRANSFER Galicia - Norte de Portugal**, consorcio liderado por ECOBAS para a caracterización do sector biotecnolóxico na eurorrexión. Alto valor para o noso territorio.

Pero ademais da promoción da investigación e da intensificación da **conexión ciencia-empresa**, ECOBAS está a dar pasos moi significativos no seu proceso de **internacionalización**. Boa mostra delo será, no vindeiro mes de xuño, a celebración da **EAERE Summer School 2026**, que se traslada da Universidade de Graz (Austria) a Galicia, concretamente á USC, da man de ECOBAS, tras resultar centro adxudicatario para a organización durante os vindeiros catro anos deste programa formativo europeo de **economía ambiental**.

>>> **RESEARCH TALENT IN SOCIAL SCIENCES: OPEN OPPORTUNITIES AT OUR INTERUNIVERSITY RESEARCH CENTRE**

Prepare your proposal!

POSTDOCS

Deadline: May 31, 2026

ALUMNADO DE GRAO/ MESTRADO


Solicitudes ata o 07/05/26

AXENDA

>>> CONVOCATORIAS DE AXUDAS ABERTAS PARA O PERSOAL INVESTIGADOR DE ECOBAS



Ata o 01/09/26



Ata o 15/09/26



Ata o 30/09/26

>>> (INDUSTRIAL) CYBERSECURITY NEXT GEN LEADERS

No mundo hiperdixitalizado, a ciberseguridade ten cada vez un impacto máis directo na estratexia e na operativa dos negocios e empresas, en calquera sector de actividade e independentemente do seu tamaño. A protección dixital, a necesidade de garantir entornos de traballo protexidos, robustos, confiables, e polo tanto sostibles, escala posicións e xa se sitúa entre as prioridades das decisións ao máis alto nivel nas organizacións.



SANTIAGO
15 Abril e
12 Maio


Con este enfoque e deseñado para alumnado de grao (ADE e Economía), ECOBAS ofrece este **programa de capacitación** da man da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA.

- 2 sesións, 4 horas lectivas en total.
- MODALIDADE: exclusivamente presencial.
- LUGAR: Facultade de CC. EE da USC. Aula 1.
- HORARIO: de 13 h a 15 h



[Descargar programa PDF](#)
[INSCRIPCIÓN \(gratuita\) AQUÍ](#)


>>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: BRAIS POCIÑA SÁNCHEZ, UDC



A CORUÑA
16/04
13:00H

“Tres ensaios en economía xeográfica e tributación”

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: A Coruña. Facultade de Economía e Empresa, Aula POP1.
- ONLINE: ECOBAS Academy. **Imprescindible** [rexistro previo aquí](#).



AXENDA



>>> INTERNATIONAL WEEK 2026 - KEYNOTE ADDRESS OF THE RESEARCH DAY WITH WITH NICK ZUBANOV, UNIVERSITY OF KONSTANZ (GERMANY)

OURENSE
16/04
09:30H

No marco da International Week 2026 organizada pola Fac. CC. Empresariais e Turismo (Fcetou) e a Fac. de Relacións Internacionais da UVigo, o **Research Day** ofrece unha plataforma académica para a investigación en xestión baseada na evidencia e na investigación cuantitativa aplicada. ECOBAS ofrecerá en aberto a retransmisión en directo da ponencia principal da xornada: **“Unequal Pay, Fairness & Work Effort”**.



- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: Ourense. Edificio Xurídico-Empresarial (Salón de Graos).
- ONLINE: ECOBAS Academy. **Imprescindible** [rexistro previo aquí](#).

>>> PROXECTO LEGISWASTE | XORNADA “A XESTIÓN XURÍDICA DOS RESIDUOS NO ÁMBITO LOCAL: REGULACIÓN, GOBERNANZA E INDICADORES XURÍDICOS”

OLEIROS
17/04
10 a 14 h

Co obxectivo de abordar os desafíos relacionados coa implementación de políticas ambientais a nivel local, onde a normativa frecuentemente enfrenta barreiras de aplicabilidade, coherencia e eficacia, a investigadora de ECOBAS e profesora na UDC **Itziar Sobrino** dirixe o proxecto de investigación LEGISWASTE, no marco do cal terá lugar este primeiro seminario, no que abordaremos os retos xurídicos e de gobernanza na xestión de residuos dentro do contexto da transición cara á economía circular.



- MODALIDADE: exclusivamente presencial.
- LUGAR: sede do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). Castelo de Santa Cruz, Oleiros.
- HORARIO: de 10h a 14h.
- [Descargar programa \(PDF\)](#) * [INSCRIPCIÓN gratuita aquí](#).

* LEGISWASTE é un proxecto financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, coa cofinanciación da UE.




>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN: ALBA SÓÑORA NOYA, UNED

SANTIAGO
17/04
12:00H

"Effects of household employment shocks on child mental health"

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: Facultade de CC.EE. da USC, Aula 20.
- ONLINE: ECOBAS Academy. **Imprescindible** [rexistro previo aquí](#).




SAVE THE DATE!!!



BIOTRANSFER | XORNADA “VALORIZACIÓN DE RECURSOS ENDÓXENOS NA EURORREXIÓN A TRAVÉS DA BIOECONOMÍA E A CIRCULARIDADE”

SANTIAGO
22/04
10 a 14 h

SAVE THE DATE!!! Estás convidada/o á xornada de lanzamento do proxecto BioTransferGNP, un evento de intercambio e transferencia ciencia-empresa no que presentaremos obxectivos, enfoque, actividades e beneficios para o ecosistema empresarial, ademais de casos concretos de valorización de recursos por parte de pemeas galegas e portuguesas.



Será tamén un día para coñecer aos socios do consorcio liderado por ECOBAS, pois alí estarán connosco representantes do Clúster das Ciencias da Vida, BIOGA; a Associação Portuguesa de Bioindústria (APBIO); o Instituto Politécnico do Porto; o Instituto Politécnico de Bragança; o CVC-Centro para a Valorización de Resíduos; e a Axencia Galega de Innovación, GAIN. Agardámoste!!!

- MODALIDADE: Evento exclusivamente **presencial**.
- LUGAR: Santiago de Compostela. Biopolo Sionlla (Rúa de Murcia, 3).
- [Decarga aquí o programa detallado](#) da xornada
- Inscripción: [Reserva aquí a túa praza](#).




>>> EAERE 2026 SUMMER SCHOOL: APLICACIÓNS RECENTES DA IA NA ECONOMÍA AMBIENTAL

SANTIAGO
Do 6 ao 12
XUÑO

ECOBAS se converte neste 2026 no centro de investigación responsable da EAERE Summer School para os vindeiros catro anos. A Asociación Europea de Economía Ambiental confiounos esta encomenda despois dun exhaustivo proceso de avaliación de propostas nas que competimos con outros centros de referencia da economía ambiental no espazo europeo.

Moi pronto estará toda a información dispoñible e abriremos prazo para matrícula. Namentres, reserva as datas e bota unha ollada ao plantel de relatores xa confirmados:



María Loureiro
ECOBAS, USC



Luis Seco
University of Toronto



Elena Verdolini
University of Brescia



Joao Gama
University of Porto



Miguel A. García
Tamargo Naturebrain

ACTUALIDADE



»» O INVESTIGADOR DE ECOBAS PABLO DURÁN, NOVO VICERREITOR DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SOSTIBILIDADE DA USC



Pablo Durán López, profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade e investigador adscrito de ECOBAS, é dende o pasado venres o novo vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sostibilidade da Universidade de Santiago de Compostela (USC). O nomeamento, xunto co do resto de integrantes do novo equipo de goberno, tivo lugar trala toma de posesión de Rosa Crujeiras como nova reitora, un fito histórico, ao tratarse da primeira vez en que unha muller asume o bastón de mando, despois de 530 anos de historia da institución compostelá.

Licenciado en Administración e Dirección de Empresas (2005, Premio Extraordinario) e en Economía (2007, Premio Extraordinario), Pablo Durán é Doutor en Finanzas Corporativas e Mercados de Capitais (2010).

Moitos parabéns e moita sorte nesta nova responsabilidade!!

»» NOVAS PUBLICACIÓNS PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

A produción científica está dispoñible para consulta nos tres portais da investigación das tres universidades públicas do SUG. Estamos a traballar nun sistema de consolidación de datos e actualizacións, pero namentres non estea dispoñible, podedes facer as vosas consultas sobre o publicado no primeiro trimestre de 2026 nas seguintes ligazóns:

- [Produción científica do persoal ECOBAS na UDC](#)
- [Produción científica do persoal ECOBAS na USC](#)
- [Produción científica do persoal ECOBAS na UVIGO](#)

»» DIVULGACIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Facer chegar á sociedade os froitos da nosa investigación é unha tarefa de divulgación en medios alleos á academia, así como de participación en foros civís e de contacto con moi diversos colectivos. Velaquí unha selección do produto deste labor nas últimas semanas:

- **La Voz de Galicia** | [“Rebajas de impuestos ante las crisis: mejor pocas y selectivas”](#), por **Alberto Vaquero**
- **The Conversation** | [“Lo que la guerra de Irán esconde: la búsqueda de la hegemonía estadounidense sobre los recursos fósiles”](#), por **Fernando de Llano**
- **Diario de Bergantiños** | [El liderazgo empresarial femenino, a debate en el Foro Atlántico de Cee](#)
- **El Correo Gallego** | [Mulleres de Compostela 2026: elas convidannos a seguir loitando](#)
- **The Conversation** | [“Potenciar el capital humano de las empresas a través de la transformación digital, ¿realidad o ficción?”](#), por **Alberto Vaquero**

MÁIS COMUNIDADE



>>> REIMAGINING B2B: DIGITAL, SUSTAINABLE, HUMAN

Baixo o título “Remaining B2B: Digital, sustainable, human”, a cidade de Vigo acolle este ano a 2026 CBIM International Conference. Este congreso de marketing industrial, vendas, relacións comprador-vendedor e creación de valor terá lugar do 17 ao 19 de xuño próximos, organizado polo Departamento de Organización de Empresas da UVigo.

Call for papers

Transformación dixital, AI, data y analytics | Servitization and solution-oriented models | Customer experience and branding | Sales and account management | Globalization and interorganizational networks | Innovation management and new product development | Supply chain strategy and collaboration

- Prazo: ata o **6 de abril** 2026, 23:59 h CET
- Web oficial do congreso: <https://cbim2026.com/>

>>> VISITAS DE ALUMNADO DE BACHARELATO

O talento mozo interesado na investigación en Ciencias Sociais está a chamar á porta de ECOBAS. Por iso este ano activamos o programa de visitas ao noso centro, no que estaremos felices de planificar e celebrar estas sesións de portas abertas cun enfoque de achega e colaboración para o alumnado interesado en explorar esta carreira profesional.

Solicitudes: comunicacion@ecobas.gal

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

